

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

Dirección do proxecto	
Nome: Fermín Navarro Medina	
Enderezo electrónico: fermin.navarro.medina@uvigo.es	
Teléfono: 988 368 823	
Bienio	20 - 22
Número de participantes (máx. 4)	

Título

Posta a punto dun túnel de vento de baixa velocidade e ensaios aerodinámicos.

Resumo

A análise da influencia do vento nos corpos aerodinámicos e nos corpos romos faise necesaria para o deseño de calquera vehículo en movemento relativo ao aire.

Introducindo unha maqueta dese corpo no túnel de vento, pódense facer ensaios para medir as forzas e momentos que están actuando sobre o corpo, ademais das distribucións de presión ao longo das superficies dos mesmos.

No laboratorio do Campus da Auga dispoñemos dun túnel de vento ao que sempre se lle poden facer pequenas melloras que aumenten as posibilidades de tipos de ensaios a realizar no túnel. Para iso, estudarase un tipo de ensaio, desenvolverase o plan de ensaios e levaranse a cabo as mesmas análises dos resultados.

Obxectivo

O obxectivo deste proxecto é aprender os conceptos básicos de aerodinámica e a realización de ensaios nun túnel de vento.

Plan de traballo

1. Estudo bibliográfico na materia.
2. Análise dun ensaio aerodinámico nun túnel de vento.
3. Preparación, fabricación e realización dos ensaios no túnel.
4. Análise de resultados e realización dun informe técnico.

Actividades complementarias

Realización de visitas aos laboratorios da Universidade de Vigo.